

# Conversión a PDF



Cando facemos un documento, e despois intentamos velo noutro ordenador ou enviárllo a outra persoa, atopámonos con que certos formatos do noso documento cambiaron ou se desordearon. Eso é debido a que as versión dos programas utilizado para facelo e a do utilizado para velo son distintas. Para solucionar esto temos o formato PDF (*Portable Document Format*). Este formato é o máis utilizado hoxe en día, e evitará estes problemas. Iremos ver como podemos converter un documento calquera a formato PDF.

## Bullzip PDF Printer

### CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Primeiro deberemos ter instalado o programa **Bullzip PDF Printer** no ordenador. É un programa gratuito que podedes descargar da súa páxina web:

<http://www.bullzip.com/products/pdf/info.php>

ou se queredes podo pasalo a quen o necesite. A súa instalación é moi simple e rápida. O que fai este programa é instalar unha impresora virtual, e dicir, que imprime pero non en papel, senón creando un arquivo PDF. Por isto, o programa poderá transformar en PDF calquer documento ou arquivo que se poda imprimir, por exemplo: Documentos de **Word**, **Access** e **Excel**, Archivos de **Autocad**, calquer arquivo de **fotos** ou **imaxes**, **páxinas de internet**, diapositivas e presentacións de **PowerPoint** ou calquer outro que admita impresión en papel.

### COMO CONVERTIR

Vexamos agora os pasos a seguir para facer a conversión. Fareino mediante un exemplo guiado para un documento de Word, pero é o mesmo para calquer programa.

1. Cando teñamos o noso documento rematado, picamos en **archivo – imprimir** (figura 1)




Figura 1

2. Entón ábrese a ventana de Impresión (figura 2). Desplegamos a lista de impresoras picando en **3**, e escollemos como impresora **Bullzip PDF Printer (4)**, e logo picamos en **aceptar (5)**.




Figura 2

3. Agora estamos na ventana da figura 3.

- a. Picando no botón **6** abrimos unha ventana onde podemos establecer un nome e a ruta onde queremos gardalo, e decir, a carpeta de destino do noso PDF. Cando rematemos de cambiar o nome e a ruta volveremos a esta ventana.
- b. Picando na pestaña **Seguridad 7** podemos poñerlle unha contraseña ó noso documento e as condicións de uso para él. Non é necesario facelo, e na maioría dos casos non se establece ningunha seguridade.
- c. Ó rematar esto picamos en **Guardar 8** e





Figura 3

**Xa está !!**

Ábrese de forma automática o visor de PDF (Adobe Acrobat), amosándonos o documento en PDF:



Non é necesario gardalo, dado que xa está gardado na carpeta que nos establecemos **6**. Listo para imprimir en papel, enviar ou o que queiramos.